



Deputación
Pontevedra

Depósito legal: PO 50-2026

+XUVENTUDE



Axudas destinadas á posta en marcha de
iniciativas de interese social promovidas pola
xuventude da provincia de Pontevedra



Deputación
Pontevedra

OBXECTO

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, promove unha nova edición desta convocatoria de subvencións que ten como finalidade apoiar a posta en marcha de iniciativas colectivas xuvenís e proxectos realizados e ideados en grupo durante o ano 2026.

ENTIDADES DESTINATARIAS

- As **asociacións xuvenís** prestadoras de servizos dirixidos á mocidade, sen ánimo de lucro, non sometidas a ningún réxime asociativo específico e con sede social ou cunha delegación na provincia de Pontevedra.
- Os **grupos formados por un mínimo de tres e un máximo de oito persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos**, aínda que carezan de personalidade xurídica ao non estar constituídas como asociacións (grupos informais).

CONTÍA DAS AXUDAS

A dotación destinada a esta convocatoria é de **cento vinte mil euros (120.000,00 €)**. O importe máximo subvencionable por cada iniciativa será de **cinco mil euros (5.000,00 €)**.

PROXECTOS E GASTOS SUBVENCIONABLES

As iniciativas presentadas englobaranse nalgunha das seguintes áreas de actuación:

- **Saúde, benestar e prevención de riscos.**
- **Cultura, ciencia e innovación.**
- **Participación xuvenil, asociacionismo e voluntariado.**
- **Desenvolvemento rural e reto demográfico.**
- **Protección do medio e loita contra o cambio climático.**

Son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza do proxecto presentado, resulten estritamente necesarios para levalo a cabo e se correspondan con actividades desenvolvidas do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026.

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o **16 de febreiro e rematará o 13 de marzo de 2026**.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/>) e irán acompañadas da documentación relacionada na base décima.

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Tramitarase en réxime de concorrència competitiva. De acordo co establecido na base décimo terceira, para acceder ás axudas deberánse obter, como mínimo, 50 puntos na avaliación dos proxectos.

A resolución de concesión publicárase no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e na Sede electrónica da Deputación.

PAGAMENTO DA AXUDA

O pagamento da subvención realizarase tras a xustificación da execución completa da actividade subvencionada.

CONTACTO PARA DÚBIDAS

Poderá poñerse en contacto co Servizo de Xuventude e Reto Demográfico a través do correo electrónico **xuventudereto@depo.es**.

A información sobre a convocatoria está dispoñible en **www.depo.gal**.